

## CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2010-2011 ESTUDOS OFICIAIS DE GRAO E MESTRADO

Aprobado polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2010

### 1. PERÍODO LECTIVO

O período lectivo do curso académico comprenderá desde o 1 de setembro de 2010 ao 29 de xullo de 2011, organizado en dous subperíodos académicos. Non será lectivo o mes de agosto, nin os días festivos, nin os días en que estea interrompida a actividade académica.

### 2. ACTIVIDADES ACADÉMICAS

As actividades académicas establécense da seguinte forma:

**Primeiro cuatrimestre:** desde o 13 de setembro de 2010 ao 27 de xaneiro de 2011

**Segundo cuatrimestre:** desde o 31 de xaneiro de 2011 ao 7 de xuño de 2011

### 3. AVALIACIÓN

Para a súa avaliación os/as estudantes en cada curso académico terán dereito a dúas oportunidades e o calendario quedará organizado en tres períodos:

	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
<b>Materias do primeiro cuatrimestre</b>	do 12 ao 27 de xaneiro de 2011	11 de febreiro de 2011 18 de febreiro de 2011 para as actas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado
<b>Materias do segundo cuatrimestre e anuais</b>	Do 23 de maio ao 7 de xuño de 2011	24 de xuño de 2011 30 de xuño de 2011 para as actas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado
<b>Oportunidade de xullo</b>	Do 1 ao 14 xullo de 2011	22 de xullo de 2011 29 de xullo de 2011 para as actas do Traballo Fin de Grao e do Traballo Fin de Mestrado

O alumnado que superase, cando menos, un total de 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade e llo permita o seu plan de estudos, poderá realizar a matrícula do traballo de fin de grao no período ordinario de matrícula e poderá optar por defender o devandito traballo de fin de grao na convocatoria correspondente ao período do primeiro cuatrimestre ou, de ser o caso, na oportunidade de xullo, ou ben na convocatoria correspondente ao segundo cuatrimestre e, de ser o caso, tamén na oportunidade de xullo.



Así mesmo, no caso de que o plano de estudos conte con prácticas (obrigatorias ou optativas) o alumnado realizará a matrícula das prácticas no período ordinario de matrícula e poderá optar por realizalas e que sexan cualificadas no primeiro cuadrimestre ou que se realicen e avallén no segundo cuadrimestre; o/a alumna deberá contar co visto e prace do centro que lle indicará a dispoñibilidade para realizalas nun ou noutro cuadrimestre e sempre de acordo co disposto na memoria verificada do título.

As actividades académicas docentes e os exames de todos os plans interromperanse desde o 23 de decembro de 2010 ata o día 8 de xaneiro de 2011 (ambos os dous incluídos); os días 7 e 8 de marzo de 2011; e desde o día 18 ata o 23 de abril de 2011 (ambos os dous incluídos). A festividade de San Tomé celebrarase o 28 de xaneiro de 2011, que será festivo na UDC. Así mesmo, posuirán carácter festivo os días das festas oficiais do Estado, da Comunidade Autónoma e das cidades onde estea cada centro, así como o da festividade de cada un deles.

Coa finalidade de aproveitar ao máximo os días lectivos, sempre que as festividade dos centros coincidan en martes ou en xoves celebraranse o luns ou o venres máis próximo; e se cadrasen en mércores trasladaranse ao venres. As que cadren en sábado, domingo ou festivo celebraranse o día lectivo anterior ou seguinte.



DILIXENCIA para facer constar que  
ora presente documento  
compuesto de 1 páxinas numeradas e seladas.  
foi aprobado polo Consello de Goberno,  
na súa sesión de data 28 - abril - 2010  
O SECRETARIO XERAL,

  
Ascto.: Xosé R. Carril Vázquez